

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA TURISMO DE GALICIA

*EXTRACTO da Resolución do 10 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 21-22 dentro do programa O teu Xacobeo, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TU300A).*

BDNS (Identif.): 614710.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

As subvencións obxecto destas bases divídense en dúas categorías ou liñas, en atención ás entidades solicitantes:

Liña 1: persoas físicas (traballadores autónomos) e persoas xurídicas constituídas baixo forma mercantil ou civil e as comunidades de bens que están comprendidas na definición de pequena e mediana empresa (peme). Así mesmo, poderán presentar solicitudes agrupacións de persoas físicas e/ou xurídicas, de conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Liña 2: entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.

Así mesmo, poderán presentar solicitudes agrupacións de entidades sen ánimo de lucro, de conformidade co disposto no citado artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Segundo. *Obxecto e réxime*

Esta resolución ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria anual, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a proxectos de promoción e dinamización con motivo da conmemoración do Ano Santo Xacobeo 21-22 que se celebren entre o 1 de maio e o 31 de outubro de 2022, co obxectivo principal de colaborar na programación sociocultural do Xacobeo 21-22 para a promoción e potenciación de Galicia, así como



para o reforzo á dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia Comunidade Autónoma.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 10 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 21-22 dentro do programa O teu Xacobeo, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento TU300A).

Cuarto. *Importe*

As subvencións previstas nesta resolución financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias previstas nos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2022, co seguinte detalle:

Liñas	Aplicación orzamentaria	Anualidade 2022
Liña 1	05.A2 761A 770.2 / 2018 00002	500.000
Liña 2	05.A2 761A 781.2 / 2018 00002	1.000.000
		1.500.000

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Sexto. *Prazo de xustificación da subvención*

O prazo de xustificación das axudas concedidas rematará o 31 de outubro de 2022.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2022

M<sup>a</sup> Nava Castro Domínguez  
Directora da Axencia Turismo de Galicia

